



OFICIALIA MAIOR  
Praza Maior Nº1  
32005 - Ourense

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 14 de febreiro de 2019, adoptou, entre outros, o seguinte ACORDO:

**23.- Convocatoria de axudas en especie para locais de asociacións de maiores do Concello de Ourense. (Expte. Núm. 2019002793).**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (8 votos a favor), acordou:

- 1.- Aprobar** a convocatoria para a concesión de subvencións en especie para locais de asociacións de maiores do Concello de Ourense para o exercicio económico 2019.
- 2.- Aprobar** o gasto por importe de 27.000,00 € con cargo á partida 150.2310.20200 “Aluguer locais. Acción social” do orzamento municipal vixente.
- 3.- Remitir** á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) un extracto da convocatoria para a súa publicación no BOP de Ourense, co seguinte contido:

EXTRACTO DO ACORDO DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIÓNS EN ESPECIE PARA LOCAIS DE ASOCIACIÓNS DE MAIORES DO CONCELLO DE OURENSE NO EXERCICIO 2019 (Exp. 2019002793)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b. e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse nas Bases de Datos Nacional de Subvencións ( <http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index>):

Primeiro. Beneficiarios

Poderán ser beneficiarias as asociacións de persoas maiores que reúnan os seguintes requisitos:

Asociacións constituídas legalmente ao amparo da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación; será condición indispensable que a asociación interesada no teña ánimo de lucro e que estea inscrita no correspondente Rexistro da Comunidade Autónoma de Galicia e no Libro de entidades cidadás do Concello de Ourense.

Se considera que a asociación non ten ánimo de lucro cando así figura nos seus estatutos e non desenvolva actividade económica algunha.

Que estatutariamente teñan como finalidade principal a procura de promover iniciativas, proxectos, programas para un envellecemento activo e un conxunto de actividades de ocio e tempo libre para as persoas maiores; ou, no caso de asociacións de veciños, que a asociación conte con sección ou vogalía de maiores para estes fins, segundo os seus estatutos.

Estar ao corrente en canto ás obrigas tributarias coa Xunta de Galicia, a Axencia Estatal de Administración Tributaria e o Concello de Ourense, así como das súa obrigas coa Seguridade Social, e non estar sometidas a ningún procedemento sancionador incoado por este motivo.





# Concello de **OURENSE**

Non conseguirá a condición de beneficiario quen estea incurso en causa de exclusión ou prohibición das contempladas nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en especial, quen sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Cumprir cos demais requisitos formais e materiais previstos nesta convocatoria e na normativa de subvencións aplicable.

Que se comprometan a establecer un horario de apertura do local, cun mínimo de 500 horas ao ano e 5 días por semana.

Que desenvolvan un programa de actividades e servizos aos cidadáns do colectivo de persoas maiores.

## Segundo. Obxecto

Constitúe o obxecto da presente convocatoria a concesión de axudas que consisten na entrega de locais, alugados polo Concello de Ourense coa finalidade exclusiva de que se entreguen a terceiros, segundo o previsto no artigo 3 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, destinadas a Asociacións de persoas maiores do Concello de Ourense para a realización de actividades culturais, recreativas e de convivencia, encamiñadas a promover a integración e participación na vida comunitaria do colectivo que integra a terceira idade, favorecendo o seu mantemento no medio social habitual.

## Terceiro. Bases reguladoras

As bases reguladoras están publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Ourense n.º 130, de 8 de xuño de 2018 e estarán a disposición dos interesados na páxina web do Concello de Ourense [www.ourense.gal](http://www.ourense.gal).- e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

## Cuarto. Contía

A concesión das subvencións desta convocatoria será atendida con cargo á partida do orzamento municipal correspondente ao exercicio 2019; aplicación orzamentaria "Aluguer locais", partida 150.2310.20200, pola contía de vinteseite mil euros (27.000 €).

## Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Ourense ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, aportando a documentación requirida nas Bases Reguladoras.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei





## Concello de **OURENSE**

39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso ou acción que se estime procedente.

Ourense, na data da sinatura electrónica.  
A CONCELLEIRA-SECRETARIA,

Flora Moure Iglesias

